



"A BUSCA DOS OVOS DE PASCUA"

PRESENTACIÓN:

Frady é un coelliño que estivo a visitar Frades e os seus lugares máis fermosos durante estes meses, pero como é un pouco despistado, perdeu todos os seus ovos de Pascua.

Por sorte, tamén fixo moitos amigos e amigas aló por onde pasou e estes encontraron os ovos perdidos do noso amiguiño e están a gardarllos ata que Frady vaia recollelos. Pero llo non van poñer tan fácil.

- Este coello traste merece unha lección para que aprenda a non ser tan descoidado e deixe de perder as cousas. - Din os seus amigos/as

Os amiguiños/as de Frady déronlle pistas para que este puidese atopar os ovos.

- Pero falta tan pouco para a Pascua que con estas patillas tan curtas nunca vou conseguir recuperalos todos a tempo. - Di Frady.

Non pasa nada coelliño, estou segura de que os nenos e nenas de Frades están dispostos a axudarche, a que si? Axudamos a Frady a atopar os seus ovos de Pascua? Estou seguro de que seredes recompensados dunha maneira moi doce se axudades ao noso amiguiño.



"A BUSCA DOS OVOS DE PASCUA"

REGRAS DO XOGO:

- 1ª Anótate ata o domingo 28 de marzo ás 22:00 no teléfono 699 639 700 (Cris) mandando un whatsapp co nome e apelidos do/a neno/a a idade e a parroquia onde reside. (Só para persoas empadroados no Concello de Frades).
- 2ª O luns 29 recibirás no teu teléfono as pistas para atopar os ovos. Son 13 ovos repartidos polas 12 parroquias do concello.
- 3ª Debes descifrar as pistas para adiviñar a parroquia e o lugar onde está o ovo, ir e sacar unha foto co amigo ou amiga de Frady que te estará esperando.
- 4ª Cando teñas as 13 fotos debes mandalas por whatsapp ao 699 639 700 (Cris) e recibirás a última pista para saber onde podes recoller a túa recompensa.
- 5ª Debes enviar a resposta á última pista e recibirás un whatsapp cos horarios para a recollida do premio, e así fixar unha cita para evitar aglomeracións dada a situación actual que vivimos de alerta sanitaria.

Tes ata o venres 2 de abril ás 22:00 h para atopar todos os ovos e mandar as fotos.

Imprescindible estar empadroado/a en Frades para participar.

Non se poderán inscribir pasado o domingo 28 de marzo as 22:00 h.